



nota de prensa

Veciñanza esíxelle ao Goberno Municipal que retire tres vertidos ilegais e cumpra os mínimos de conservación medioambiental

Varios veciños/as alertaron nas últimas semanas de vertidos ilegais en diversos puntos do municipio. Neumáticos á beira do encoro, na aldea da Hervés; restos dun moble de madeira, na zona dos Albariños (aldea de Guimarei) e cascallos de obra na Ran.

Cuntis, 17 de abril de 2017. **Uns neumáticos á beira do encoro do Umia, uns cascallos de obra na Ran e os restos dun roupeiro de madeira.** Son tres vertidos que levan semanas depositados alí onde menos lle corresponde e que motivaron xa as queixas de veciños/as. Aínda que non debiera ser necesaria a solicitude, e tendo en conta as deficiencias en conservación medioambiental que presenta o Goberno Municipal de Cuntis, Veciñanza solicita que **proceda a retirar o antes posible estes tres puntos negros que identificamos aquí, así como o resto dos vertidos ilegais que haxa no termo municipal.**

Uns neumáticos vellos á beira da auga do encoro do Umia, na aldea da Hervés, completan a desoladora paisaxe que presentan as marxes abandonadas do río. Para o organismo Augas de Galicia aquel é un punto esquecido, así como o conxunto do noso concello, e nin se preocupa nin se agarda que o faga. O Alcalde non pode consentir esta situación por máis tempo e debe velar pola conservación medioambiental no noso concello se non o fai a Xunta.

O camiño que vai dende o campo das Canteiras ata o Polígono da Ran acolle dende fai tamén varias semanas uns cascallos de obra que alguén depositou naquela zona. No seu momento podían apreciarse as rodeiras dun vehículo pesado que transitou por alí, e que ben puidera ter sido responsable da vertedura.

Finalmente, e alertados por veciños/as das proximidades, identificamos tamén os restos de madeira depositados na zona dos Albariños, un espazo de lecer á beira do río situado na aldea de Guimarei.

Dende Veciñanza solicitámoslle ao Goberno Municipal que retire o antes posible estes vertidos e cumpra coas súas obrigas en materia de conservación mediambiental.

